

## Libros

**Joao Casqueira Cardoso (Org), “Os instrumentos de igualdade de oportunidades en Portugal”, Universidade Fernando Pessoa, Porto 2004, 221 páxinas.**

“**O**s instrumentos de igualdade de oportunidades en Portugal”, compilación coordinada por Casqueira Cardoso, docente da Universidade portuguesa Fernando Pessoa, editada en colaboración coa Fundación Ciencia e Tecnoloxía, e o Centro de Estudos das Minorías, é unha contundente obra para especialistas e investigadores na disciplina dos Estudos das Mulleres. Trinta anos despois da Revolución dos Caraveis, os debates arredor da consecución dunha sociedade máis igualitaria e democrática teñen a súa vertente académica baixo o paraguas do paradigma do racionalismo crítico: eis, o grupo de investigación da xove Fernando Pessoa, creado entorno ao proxecto “A auditoría de xénero como instrumento de mainstreeming”.

Cecais, o transcendente, máis alá do enfoque multidisciplinar da mesma (característica común de cáseque a meirande parte dos departamentos e centros de investigación desta disciplina), sexa a súa inclusión nas redes europeas de investigación para o coñecemento, deseñadas co fin de prever o impacto das políticas sobre as mulleres. Tanto o University College Cork de Irlanda, a Universidade Complutense de Madrid, a Universidade de Lund en Suecia, e a Universidade de Liverpool de Gran Bretaña, identifícanse como verdadeiros espazos para a formulación de pesquisas en materia de xénero e a presentación dunha radiografía do estado da cuestión conxunta, pero analizando as particularidades de cada quen. Por conseguinte, a viabilidade e éxito das políticas públicas na procura da igualdade entre homes e mulleres mídese no alcance dos resultados que se amosan nun documento conxunto ao que se fai referencia: “Predicting The Impact of Policy 1999-2000”.

O presente libro non esquece e asume a idoneidade da metodoloxía comparativa. Hai alusións constantes á guía que supón nesta materia, o marco comunitario actual. É dicir, amosa unha dimensión dupla: unha definición centrada na *rationae materiae* e na *rationae loci*. Como salienta o compilador “no caso portugués, en particular, pódese afirmar que o Estado debe facer a proba da súa eficacia na implementación dun principio (a igualdade entre homes e mulleres) que simultaneamente é unha misión da Comunidade e un deber do Estado”.

Co obxectivo de respostar á cuestión de si existe ou é posible construír un “modelo” de auditoría de xénero respectando o contexto histórico, antropolóxico e institucional portugués, a obra mostra os principais resultados e da conta da avaliación da formulación de hipóteses dos catorce especialistas que asinan as comunicacións. Agora ben, un dato que non pode ser analizado illadamente porque sigue sendo fenómeno das

consecuencias do teito de cristal é o que se deriva da composición do grupo de investigación: cinco homes e nove mulleres; curiosamente, o director é un home. A identificación de tres subgrupos temáticos é proba da estreita relación entre unha perspectiva antropolóxica, a dimensión histórica hermenéutica e o enfoque socio-xurídico á hora de identificar o estado da cuestión no país luso.

Polo tanto, os temas que se abordan aluden a "O papel sociopolítico da muller nos finais da Idade Media: vida cortesá, matrimonio e ligazóns familiares"; á "Violencia conxugal", que ofrece unha reflexión sociolóxica sobre o impacto da lexislación penal portuguesa na criminalidade de xénero, "As cuestións de xénero na terceira idade" reflexiona sobre o papel da familia e os servizos de proximidade coa finalidade de evitar a exclusión oculta; achégase ao Inquérito SIT para as relacións entre traballo e saúde: "Saúde da Muller no Traballo"; tamén se inclúe o debate sobre a importancia do lecer e os repartos dos espazos deportivos escolares no artigo "Instrumentos de Igualdade no Espazo Público", argumentación e xustificación metodolóxica da realización da exposición centrada nas alteracións do papel das mulleres na sociedade portuguesa das últimas décadas; ao mesmo tempo, afóndase nas "Perspectivas histórico hermenéuticas sobre os instrumentos de igualdade de oportunidades". Non podía faltar tampouco un apartado que fixera mención ás primeiras mulleres que vindicaron o voto en "Sufraxistas e Feminismo" e a división da esfera pública e privada en "Discursos de Mulleres: o traballo, o público e o privado na negociación da identidade feminina". Finalmente, o terceiro apartado do libro céntrase na Auditoría dende as notas etnográficas, a contabilidade e sobre a súa viabilidade. Pecha, a obra o capítulo sobre "A Auditoría de Xénero como instrumento de mainstreaming, presentación do proxecto", mostrando, deste xeito, polo tanto, unha estrutura circular.

En resumo, "Os instrumentos de igualdade de oportunidades en Portugal" é pura investigación académica, que foxe de supostos descritivos e empiricamente neutrais no eido das ciencias sociais. Amosa os principais debates conceptuais, metodolóxicos sobre a auditoría de xénero no país veciño, con alusións constantes ao marco europeo: no que Portugal participa, por exemplo, no Lobby Europeo das Mulleres, a través da CPLM, Coordinación Portuguesa para o Lobby Europeo das Mulleres.

A tese de fondo é a pertinencia dunha reformulación da estrutura da administración portuguesa; actualmente organizada a partires da CIDM, Comisión para a Igualdade e os Dereitos das Mulleres, secuencia da Comisión da Condición Feminina creada no 1977, e a CITE, Comisión para a Igualdade no Traballo, ao precisaren o mainstreaming a integración da consecución da igualdade en todas as políticas sectoriais, do que se deriva, a importante reformulación que debe iniciarse para conseguir uns resultados óptimos para os avaliadores de políticas públicas en materia de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

De consulta obrigatoria, considero, por ser unha aproximación pormenorizada, que abre novas fontes de información e estudos, dunha disciplina consolidada e con enfoques propios que non esquece a prominencia do acervo comunitario. Sen embargo, bótase en falla a alusión ou marco de referencia que supuxo a Decla-

ración do Milenio, consenso de mínimos, iso si, ao seren reducidos os debates e os acordos aprobados en Pequín, á promoción da igualdade entre homes e mulleres (Obxectivo 3) e á protección da saúde materna (Obxectivo 5), que determina en boa medida e condiciona o monitoreo de proxectos, programas, etc, e a formulación de estratexias e as áreas de intervención.

*Iria Alonso Casares.*

**Carlos Gómez Gil, "Las ONG en la globalización. Estrategias, cambios, y transformaciones de las ONG en la sociedad global", Icaria, Barcelona 2004, 230 páxinas.**

A sombra da dúbida que se cerne sobre as ONGs é cada vez máis alongada. A coincidencia no espazo e no tempo da expansión vertixinosa, nestes últimos trinta anos, das ONGs e a globalización neoliberal, espertan receos e certas sospeitas sobre o protagonismo dos novos axentes da solidariedade do século XX.

As ONGs, o papel desempeñado nas últimas décadas no marco da globalización neoliberal, as relacións coas institucións piares deste fenómeno e a evolución do ideario dos novos actores da solidariedade son obxecto dun estudo crítico e exhaustivo do autor.

O modelo vixente de globalización debuxa un novo panorama mundial que muda as regras de convivencia, un marco que altera os aspectos económicos e sociais globais e acouta o poder dos Estados. O Estado-nación é a crónica dunha morte anunciada, o marco territorial e institucional idóneo para o desenvolvemento económico e humano que, en pouco tempo, está pasando a mans privadas coa complicidade, en moitas ocasións, das ONGs.

A globalización neoliberal propicia o incremento de situacións de exclusión, avanza cara a destrución masiva das condicións que aseguran un desenvolvemento digno do ser humano. A nova mundialización limitase a conceder o osíxeno e o alento necesario ao capital expansivo dunha minoría, mentres asfixia a unha maioría.

Neste contexto desalentador asistimos a unha drástica expansión, nas tres últimas décadas, das ONGs. Tralo desastre da Segunda Guerra Mundial e a incorporación á escena internacional dos estados poscoloniais, comezaron a aparecer organizacións que, por unha banda, cun espírito humanitario e caritativo, intentaban paliar os efectos dramáticos da contenda e, por outra, querían buscar fórmulas que eliminasen as desigualdades entre os países ricos e pobres.

Sen embargo, un simple repaso aos datos da evolución da desigualdade nestes dous últimos séculos, dende principios do ano 1800, cando a proporción da desigualdade entre países pobres e países ricos era de 3 a 1, ata finais do século XX, cando alcanza unha das cotas máis altas, situándose nunha proporción de 74 a 1, obriga a

unha reflexión e análise sobre as prácticas e amizades destes novos axentes solidarios, así como a necesidade de identificar os instrumentos utilizados para contribuír a inverter os datos da progresión das desigualdades.

Como sinala o autor, non se pode pasar por alto que estas organizacións, ou como son denominadas por algúns académicos *as novas esferas de autoridade* ou a *terceira forza*, son verdadeiras institucións económicas, cun alto poder de incidencia nos países nos que desenvolven o seu traballo.

Cada vez máis, aparecen voces críticas que se preguntan se son as ONGs unha verdadeira resposta ao modelo de mundialización vixente ou, polo contrario, favorecen a expansión do sistema capitalista, as economías de mercado e a fragilidade dos Estados-nación, a traveso da complicidade coas institucións que deseñan a maquinaria deste fenómeno, aliviando os efectos devastadores da globalización neoliberal. Sen dúbida, a lectura deste libro crítico contribúe a esclarecer estas sombras.

*Irene González Contreras.*

**Xesús R. Jares, "Educar para a Paz en tempos difíciles",  
Bakeaz 2004.**

**A** educación é indispensable para a cohesión social e para a loita contra a violencia. O autor, Xesús R. Jares, propón unha revisión crítica da sociedade contemporánea e dos seus valores e sistema educativo. O concepto de paz adquire unha dimensión nova ao dissociarse da guerra, para mesturarse como antítese de violencia. É a través do concepto de paz positiva e da perspectiva creativa do conflito (medio de progreso e mellora das relacións humanas), onde se atopa a solución dos problemas da convivencia mundial.

Un novo proceso educativo continuo e permanente, a Educación para a Paz, que aposta por unha estrutura organizativa específica e democrática do sistema educativo, que eduque na cultura para a paz, reflexionando sobre o Poder e a toma de decisións, é o eixo do cambio necesario, segundo Xesús R. Jares, porque a realidade dos nosos días require cambios.

O incremento vertixinoso da débeda no mundo, a pobreza de 1.200 millóns de persoas que viven con menos de \$1, e a caída da axuda ao desenvolvemento e a precarización do traballo constitúen a lacra das sociedades contemporáneas, xerando tamén a violencia. A educación para a paz é un proxecto revolucionario para transformar o presente, cun forte contido de crítica ao neocapitalismo, que infunda e propaga a perda de esperanza nas posibilidades de cambio da orde social.

Desde o 11 de setembro de 2001, acentúase a ideoloxía dual e maniquea do "ben e o mal" da guerra fría. Incluso tamén en España –no País Vasco– utilízase o que é un dos peores escenarios para a resolución de conflitos, que se apoia na militariza-

ción da sociedade, o pulo ao gasto militar e a perda de determinadas liberdades e vulneración dos dereitos humanos. En poucas palabras, a imposición dunha visión unilateral do mundo e o reforzo da hexemonía mundial de EEUU. Todos compoñentes dun mundo creado con violencia.

En definitiva, a noción de dignidade da cidadanía non pode ser independente da dimensión social e económica, porque produce inestabilidade debido á situación de insatisfacción das necesidades básicas. O progresivo aumento da exclusión social ten como antídoto, segundo o autor, unha política de pleno emprego e de ampliación do consumo de tódolos estratos sociais, con xeralización da protección social, en condicións de cohesionar a sociedade.

Reforzar o valor da vida humana e da cultura da non violencia, promover o valor da xustiza e o rexeitamento da vinganza e do odio, loitar contra a ignorancia e a manipulación informativa, insistir no valor da democracia e na necesidade da globalización dos dereitos humanos, ofertar alternativas e facilitar o coñecemento das conquistas sociais, con instrumentos como a aplicación da Taxa Tobin sobre o 0,1% do valor das transaccións do capital e divisas, a abolición da débeda externa, reducións do gasto militar e incremento do social cumprindo co 0,7%, afortalando a democracia e supeditando o económico ao político e eliminando os paraísos fiscais, son as recomendacións básicas de Xesús R. Jares para transformar o mundo de hoxe.

É necesario un ensino para a comprensión. Transformar a universidade é clave. Mergullar a universidade na realidade máis desfavorecida e socializar aos universitarios nos valores da cultura para a paz, así como a inmersión da sociedade neses valores, é o eixo para que desaparezan os núcleos sociais máis desfavorecidos.

O conflito é, por tanto, necesario para o desenvolvemento do individuo. Sen esquecer tampouco a importancia da afectividade, a planificación do traballo educativo, ou a aceptación da diferenza. Os medios de comunicación, que transmiten ideas e valores contrarios ao respecto da solidariedade deben traballar noutra dirección. Debemos afrontar o conflito universalidade-relativismo cultural, e a crítica á concepción universalista da realidade, que leva a unha imposición eurocentrista e inxusta. As culturas son froito do contacto e non do illamento. Estar en contacto con outras culturas, implica unha "revisión do noso", e a autocrítica necesaria para o entendemento.

A educación para a paz non pretende ensinar unha nova técnica para resolver conflitos senón que é máis ambiciosa. Pretende construír unha nova cultura e novas relacións sociais, sen violencia, onde se renuncie ao dominio do outro. O cuestionamento do dominio non ten nada que ver coa autoafirmación dos individuos e dos pobos, e da súa lingua e cultura. A educación para a paz debe abordar tamén o carácter sexista da nosa cultura e a defensa dos valores públicos sobre os privados (acceso á cultura, á participación democrática, á democratización da economía) dunha forma crítica. A cultura para a paz é incompatible co dogmatismo e o fundamentalismo. A Educación para a Paz esixe e se fundamenta na plena coherencia entre os medios e os fins.

*Xosé Manuel Figueiras.*

**Geoffrey Murray e Ian G. Cook, "China verde. En busca de alternativas ecológicas", Edicions Bellaterra, Barcelona 2004.**

**U**nha das preocupacións fundamentais que suscita a emerxencia de China é a relativa ás consecuencias sobre o medio ambiente. Existe o temor de que unha dinámica de consumo "á occidental" no país máis poboado do planeta, complementada cunha rápida industrialización, poida carrexar efectos desastrosos se non se acomete con consciencia do prezo a pagar.

O traballo de Murray e Cook trata de ofrecernos unha visión de conxunto e imparcial, non alarmista pero si realista, do estado do medio ambiente en China, tanto en termos de descrición das súas principais magnitudes e variables, como das políticas gobernamentais aplicadas, os incentivos adoptados para os programas ambientalistas, e os éxitos e fracasos das estratexias seguidas. É un tema crucial para toda a comunidade mundial dado o peso xeográfico, económico e demográfico de China, pero tamén no rexional, onde a demora dun compromiso nesta materia pode ser fonte de conflitos graves con outros países do área.

A radiografía que nos realizan estes autores da situación do medio ambiente en China é moi ilustrativa dos desafíos que encara e da súa transcendencia para que este problema non socave os beneficios que o progreso trouxo consigo para millóns de cidadáns deste país e nos que comeza a callar a idea de que a destrución do medio non é rendible. Ese é o mellor argumento para incrementar a consciencia dos cidadáns e dos poderes públicos, que non ocultan a súa desconfianza fronte ás críticas dun Occidente rico que contamina máis e que esixe a moderación do crecemento chinu co argumento dos danos que ocasiona no ambiente. O libro, ademais das políticas, aporta as claves culturais para comprender a importancia de determinados elementos e as reaccións chinesas.

As consecuencias no medio ambiente dalgunhas políticas maoístas, tan negativas como a posterior liberación descontrolada das forzas do mercado no tempo da reforma, ofrecen claras mostras do elevado custe da falla de incorporación da clave medioambiental na estratexia de modernización de China, sempre presidida pola tentación do curto prazo. Os autores analizan o impacto desta sucesión de políticas, tanto no medio urbano coma no rural, deténdose moi especialmente no fenómeno da urbanización e na secuela de profundos cambios sociais que está a traer consigo.

Sen deixar de mencionar a análise das problemáticas máis salientables (dende a presa das Tres Goxas ata a desertización, deforestación, a política de transvases, a demanda crecente de enerxía, etc), Murray e Cook, despois de mencionar os diversos factores que inciden no estado do medio ambiente, as resistencias e prioridades detectadas en cada nivel, afondan no marco legal e na división de responsabilidades no ámbito da xestión da protección, ilustrando con exemplos de boas prácticas as contribucións á mellora do estado de cousas en cidades e en materias concretas.

Os autores demostran que o sistema ecolóxico de China se está deteriorando debido a que os seus recursos son utilizados máis alá da súa capacidade de sustentabili-

de. Pensar que o desenvolvemento permitirá a obtención de recursos para recuperar o estragado é seguir apostando por unha política suicida. O seu diagnóstico, resultado dun profundo coñecemento do terreo e de numerosos contactos con todo tipo de medios, oficiais e críticos, todos expertos, ofrece un panorama preocupante, pero situando tamén na balanza unha visión esperanzadora e construtiva pola identificación de factores positivos que fan pensar que a "harmonía" que hoxe constitúe a preocupación central das autoridades chinas non dará as costas ao medio ambiente. Se non é por outro, acabará sendo por imperativo económico.

*Xulio Ríos.*

***Amartya Sen, "O desenvolvemento como liberdade", edición española, Planeta, 2000; edición portuguesa, Gradiva, 2003.***

**C**un europeo na Presidencia do FMI, correspondíalle por tradición a Washington escoller o candidato á Presidencia do Banco Mundial. O recen elixido, Paul Wolfowitz é o anterior vicesecretario de Defensa do goberno Bush. E con esta elección no organismo internacional que ten como obxectivo reducir os niveis de pobreza da humanidade, temos unha boa ocasión para reflexionar sobre a pobreza e para avaliar en que grao, ou con que ritmo, os escritos de Amartya Sen "revolucionarán a teoría e a práctica do desenvolvemento" (Kofi Annan).

As ideas de Amartya Sen sobre a pobreza e o desenvolvemento comezaron a ter algo de receptividade nalgúns institucións internacionais hai dúas décadas. A partir de 1990 xurde a divulgación mundial de parte destas ideas a través dos relatorios anuais do Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento Humano (PNUD). "O desenvolvemento como liberdade" supón unha exposición da máis ampla visión deste autor e baséase en seis conferencias súas, pronunciadas entre 1996 e 1997, como Consultor da Presidencia do Banco Mundial. A edición orixinal é de 1999, un ano despois de que Amartya Sen recibira o Premio Nobel de Economía polas súas contribucións á Economía do Benestar.

Pode que o mérito fundamental da súa análise sexa que contempla moitos dos encarnizados debates seculares entre distintos enfoques do ser humano e do seu desenvolvemento, e faino desde unha ampla "base informacional", a do conxunto de potencialidades humanas. Con independencia de que algunha das súas críticas concretas a outros enfoques poida ser obxectable, o marco xenérico dificilmente o é. Como insistía o autor noutra obra, calquera teoría da desigualdade pon énfase nun aspecto e restrinxen outros, por iso a pregunta clave é: desigualdade, ¿de que? Agora parece preguntar: desenvolvemento, ¿de que?

Segundo Sen, o desenvolvemento supón a expansión das potencialidades das persoas, das súas opcións reais. A liberdade é un aspecto central do proceso de desenvol-

vemento por dúas razóns: 1) porque o progreso debe apreciarse fundamentalmente en termos do alongamento das liberdades das persoas (avaliación do desenvolvemento), e 2) porque hai conexións empíricas que reforzan mutuamente as diferentes especies de liberdade (efectividade do desenvolvemento).

Dende o primeiro punto de vista, as liberdades concretas (participación política, acceso á educación e saúde... "calidade de vida") son os compoñentes intrínsecos do desenvolvemento. Estas liberdades son o obxectivo, as que teñen un papel directo nas eleccións da vida das persoas. Dende o segundo punto de vista, o valor das liberdades é instrumental, un medio para o desenvolvemento, e neste senso aínda se pode distinguir: 2a) o seu papel indirecto a través da influencia no cambio social, e 2b) o seu papel indirecto a través da influencia na produción económica.

Tomemos o exemplo da educación. A extensión da educación básica e, especialmente, nos máis novos, é desenvolvemento en si mesmo, un aumento do benestar e liberdade das persoas. Pero ao tempo ten un papel instrumental. Por un lado facilita a mudanza de valores e institucións sociais, así como das taxas de natalidade. Por outro, aumenta a produtividade da poboación (educación como capital humano). Ámbalas dúas vías indirectas redundan no aumento das potencialidades humanas en eidos distintos á capacidade emancipadora directa que facilita a educación.

Estas distincións son clave na concepción de Sen. Con elas constrúe unha teoría racional do progreso social baseada na liberdade de elección. É unha abordaxe integrada do desenvolvemento económico e social, nunha tradición que, polo menos, arranca con Adam Smith, pai da economía moderna, a quen cita constantemente. Pero Sen repasa tamén as concepcións doutros economistas clásicos e as teorías sobre a xustiza social, así como os fundamentos éticos dos escritos antigos de Asia e Europa. A pesares de concluír que as liberdades teñen carácter universalista, o autor renuncia á posibilidade de establecer ordes sociais de preferencia ou criterios avaliativos ríxidos. Moi pola contra, sitúa o cerne na diversificación e na necesidade de avaliación e debate participativo no que as persoas sexan axentes do desenvolvemento.

Parte do libro está dirixido tamén a criticar a excesiva primacía do PIB, como variable obxectiva de análise e de política pública. Por exemplo, unha liberdade básica, como a de troca, enfatizada moitas veces, fomenta a eficacia dos mercados para obter progreso económico. Pero esta conexión causal é meramente instrumental e focalizar a atención nela é confundir medios con fins.

Os niveis de ingresos per cápita non son un obxectivo en si mesmo, mais tampouco son indicadores axeitados para avaliar a liberdade dos membros das familias para vivir ben e por moito tempo. Así, volvendo ao tema da pobreza, o autor desvía a atención primaria do baixo ingreso (que é un medio), para poñer énfase na carencia de potencialidades (unha fin). De igual xeito, demostra que as crises repentinas de fame nalgunhas rexións non se deben á ausencia de comida, senón a que as persoas non conseguen habilitar unha certa cantidade de comida por moi variadas razóns. O matiz é crucial. Permítelle contemplar con lupa fenómenos como as desigualdades internas en países ricos e as interrelacións entre distintos factores, dende a idade, o sexo, ou a

enfermidade, á presenza de medios de comunicación libres e de incentivos económicos e políticos... E é con esta óptica que o autor usa amplamente os resultados da literatura empírica para amosar que unha énfase nas liberdades promove tamén rendementos e liberdades.

A pesares de ser unha aproximación xenérica, a meta de Sen é fundamentalmente operativa, especialmente para a redución das *inxustizas evidentes*, sobre as que é posible un consenso racional. As recomendacións que se poden extraer, contradín convincentemente moitas das políticas que aínda están en uso en todo o mundo. O paso necesario para instrumentalizar a perspectiva da liberdade é claro no libro: integración, capacitación, participación, debate, liberdade...

*Fernando Bruna.*

**Mohammad-Reza Djalili e Thierry Kellner, "La Nueva Asia Central. Realidades y desafíos", Biblioteca del Islam Contemporáneo, Edicións Bellaterra, Barcelona 2003.**

**T**ralo afundimento da URSS, o contexto xeopolítico mudou de cariz en Asia Central e, máis concretamente, o maior cambio foron as actitudes das potencias estranxeiras na rexión. As ex repúblicas soviéticas que conforman Asia Central comprobaron coma o *centro* caía sen estar preparados para asumilo, e deberon contentarse coa independencia asumindo novas prácticas que antes controlaba a URSS. A ausencia de motivación política pola independencia marca un novo punto de partida para estes nacentes Estados.

Estamos a falar de Kazaxistán, o maior deles por extensión xeográfica; Uzbekistán, Turkmenistán, Tayikistán e Kirguizistán. Todos eles teñen en común a colonización rusa, que marca os usos dos políticos que herdan as prácticas do antigo PCUS. As previsións sobre as diferentes transicións non eran moi realistas: uns especialistas discutían se os novos Estados estaban abocados ao fracaso, seguindo as correntes islámicas máis radicais e incluso polo espertar dos conflitos interétnicos; pola contra, outros indicaban un impulso das relacións internacionais e o relanzamento das relacións comerciais no mundo, sobre todo polas potenciais reservas de hidrocarburos da zona.

Os autores de *La Nueva Asia Central. Realidades y desafíos*, proporcionan unha visión un pouco máis intensa das realidades político-económicas dos países desta área, e unha extensa relación de datos sobre cada Estado, incluso atendendo ao interese da zona do mar Caspio, rica en gas e petróleo e punto clave para entender os investimentos de capital e axuda estranxeira.

Despois dos acontecementos do 11 de setembro de 2001, a situación mudou unha vez máis, esta vez coa intervención de Estados Unidos en Afganistán, que fixo cambiar o actor máis influente na zona. Aínda así, a Federación Rusa segue dispoñendo dun

poderío importante. Cun temor pouco fundado sobre a incursión do islamismo radical dentro das súas fronteiras a través de Asia Central, Rusia xa interveu en Tayikistán para *salvagardar* o seu territorio.

A influencia de Rusia foi minguando dende a independencia dos Estados de Asia Central, e esta diminución de influxo económico pode vir da man da propia negligencia moscovita, máis comprometida coa perspectiva militar que a competir con outros Estados occidentais. Dos Estados que máis lle interesan a Rusia habería que destacar a Kazajistán, entre outros, pola súa dimensión de "Estado tapón".

O interese que esta zona esperta en Occidente ten pouco que ver cunha cooperación desinteresada, senón que está inducida pola riqueza da zona para Estados Unidos, a Unión Europea, China, Asia do Sur ou Oriente Próximo e a relevancia da explotación dos hidrocarburos do Mar Caspio. Agora ánimo polo deterioro das relacións de Asia Central con Rusia xunto coa inestabilidade desta, e o reforzamento das relacións de Estados Unidos con Turquía, xa que así teñen por onde comezar o reforzamento das relacións entre os norteamericanos e os Estados de Asia Central, e de paso facer que non dependan tanto de Rusia estas antigas repúblicas soviéticas promovendo trazados de oleodutos, que poidan evitar tanto a Irán como a Rusia.

O resto de potencias rexionais (Turquía, Irán, India ou Paquistán), poucas posibilidades teñen de propoñerse como actores xa non hexemónicos, senón importantes dentro da rexión. Os pasos seguidos en prol da rexionalización tiveron escasos efectos, a non ser comerciais. Por exemplo, a Organización de Cooperación de Shangai, vector da influencia de China en Asia Central, quebrou pola penetración de Estados Unidos en Asia Central. A OSCE é contemplada como un instrumento de acercamento aos países occidentais. Outras organizacións, como a ECO (Organización de Cooperación Económica), que deriva do Pacto de Bagdad; a OCC (Organización de Cooperación Centroasiática), creada en primeira instancia por Kazajistán e Uzbekistán; ou a EURASEC (Unión Económica Centroasiática), que chegou a ser unha unión aduaneira, van encamiñadas a obter beneficios pola posta en marcha dunha comunidade de entendemento comercial.

Os fracasos destas organizacións, atribuídos ás deficientes infraestruturas, son produto, en realidade, como ben explican Mamad-Reza Djallili e Thierry Kellner, do feito de que os Estados de Asia Central son máis competidores que posibles socios comerciais.

Polo que respecta ás ameazas do radicalismo islámico, os autores concédennlle considerable importancia, e argumentan que grazas á intervención en Afganistán de Estados Unidos polos atentados do 11 de setembro, os movementos radicais quedaron nunha situación de latencia, onde a violencia quedará sometida ao tipo de influencia que execute Estados Unidos, agravada tanto pola non solución do conflito palestino como pola intervención en Iraq, por citar algúns exemplos. O reforzamento dos rexímenes autoritarios en Asia Central e o apoio dos Estados Unidos a uns gobernantes que seguen no poder desde a independencia, poden alentar o rexurdir dos movementos radicais nun contexto de política interna represiva.

As esperanzas de futuro, din os autores, dependen en grande medida do desenvolvemento dos dereitos humanos. A partires do 11 de setembro recuaron e o autoritarismo reforzouse, en especial en Tayikistán ou Uzbekistán.

*La Nueva Asia Central*, sen embargo, quer deixar un pouso de esperanza. Os autores valoran positivamente a creación dun Estado en Afganistán, da man de Estados Unidos, porque pode favorecer a reconstrución política e económica da rexión. E pode ser que a creación dun Estado en Afganistán sexa un bo síntoma, o que non é tan claro é que a instauración dun gobernante do agrado de Estados Unidos sexa, ao mesmo tempo, algo bo para o país en cuestión.

*Nair Millós Álvarez.*